



PROGRAMA DE ACTIVIDADES **ENTROIDO 2019** **CONCELLO DE SADA**

1. PRESENTACIÓN:

A celebración do Entroido é unha das festas populares de maior tradición das que compoñen a programación anual da Concellería de Cultura e Praias.

As actividades propostas na programación van destinadas a un público o máis amplo posible. Diríxense a persoas de todo o abano de idades e difundiránse en medios de comunicación para tratar de conseguir atraer público de concellos da contorna, xa que se valora o potencial de dinamización turística que estes eventos poden acadar.

Aínda que varias das actividades propostas organízanse directamente na rúa ou en espazos públicos abertos, contratarase a instalación dunha carpa que se utilizará como instalación cultural temporal, e que concentrará parte da programación das actividades principais.

No presente documento describiremos os contidos programados para celebración do Entroido 2019, así como os equipamentos necesarios para a correcta organización dos mesmos.

2. OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO:

- 2.1. Ofrecer unha programación cultural ampla, que satisfaga o interese de distintos grupos de poboación.
- 2.2. Promover e consolidar proxectos culturais que entroncan con tradicións arraigadas.
- 2.3. Favorecer o enriquecemento cultural dos veciños e veciñas a través da participación activa.
- 2.4. Proxectar unha imaxe positiva, dinámica, lúdica e atractiva de Sada, como concello que oferta actividades culturais, de ocio, formación e recreación á veciñanza.
- 2.5. Favorecer o tecido económico e empresarial do Concello, mediante a programación de actividades que poidan supoñer unha atracción de visitantes a Sada.

3. TEMPORALIZACIÓN:

DATAS E TEMPORALIZACIÓN:

As actividades do Entroido municipal prográmanse entre o sábado 2 e o mércores 6 de marzo.

- **SÁBADO 2M:** Festa Infantil de Entroido.
- **DOMINGO 3M:** Desfile de rúa e concurso de disfraces.
- **LUNS 4M:** Entroido en familia: Espectáculo de clown e maxia cómica para todos os públicos.
- **MARTES 5M:** XXXIV Festa da Filloa de Sada con participación de agrupacións musicais/charangas.
- **MÉRCORES 6M:** Enterro da Sardiña e peche do Entroido en Sada 2019.

4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES.

Presentamos e describimos as actividades que se programan para os diferentes días de celebración do Entroido en Sada 2019.



4.1. SÁBADO 2 MARZO: FESTA INFANTIL DE ENTROIDO. 17:00h.-20:00h.

A carpa do Entroido acollerá unha festa de animación para que os nenos e nenas ata 14 anos gocen dunha tarde de recreo e animación. O espazo estará dividido en zonas con oferta de actividades pensadas para os máis pequenos (2 a 4 anos) e para os nenos e nenas de 5-14. Inchables, obradoiros, xogos, actividades de animación, maquillaxe e caracterización... toda unha serie de propostas lúdicas para gozar do Entroido por todo o alto. As diferentes actividades e xogos estarán controladas por monitores/as e terán espazos específicos para utilización dos participantes. Establecerase unha zona para as nais/pais acompañantes. A distribución de espazos na carpa seguirá unha orde similar á do seguinte esquema:



4.2. DOMINGO 3 MARZO: DESFILE DE DISFRACES:

DESFILE DE DISFRACES:

Convidamos ás diferentes asociacións e colectivos sadenses a participar nun desfile de disfraces no que contaremos coa presenza de charangas que porán a animación musical.

Abondará con participar no desfile para formar parte no concurso de disfraces con premios en diferentes categorías: INDIVIDUAL, GRUPAL e CARROZAS.

Esta actividade está pensada para conseguir a participación de todas as asociacións de Sada, xa que serán especialmente invitadas (asociacións de veciños, asociacións culturais, clubs deportivos, etc...).

Por suposto, o desfile está aberto tamén á participación libre: non será indispensable formar parte dunha asociación para participar.

O desfile **iniciará ás 18:00h** desde o punto de encontro, **no paseo marítimo arredor da carpa do Entroido**. A comitiva sairá pola Av. da Mariña e desprazarase ata a vía de servizo paralela á mesma, discorrendo a carón do carril bici. Chegarán á Praza Irmáns Suárez Picallo e a continuación continuará polo paseo marítimo, a carón da praia, rodeando o edificio do Náutico para finalizar na carpa do Entroido. As carrozas participantes finalizarán na Av. da Mariña, cortándose un dos carrís de circulación para permitir a súa parada e aparcamento temporal.

Unha vez na carpa organizarase a entrega de premios e continuará a festa a ritmo das actuacións das comparsas invitadas.

O desfile contará cun dispositivo de tráfico coordinado pola Policía Local e o Servizo de Emerxencias Municipal.

PROPOSTA DE PERCORRIDO:



4.3. LUNS 4 MARZO: ENTROIDO MÁXICO.

A programación do luns vai dirixida a un público infantil e familiar. Programaremos unha tarde na que a ilusión e a comedia serán os pratos fortes, a través da actuación do Mago Tanito “**ESTRELAS MÁXICAS**”: unha sesión de 90 minutos de maxia cómica e moita animación para pasar unha gran tarde de luns.

4.4. MARTES 5 MARZO: FESTA DA FILLOA. 17:00h.-22:00h.

XXXIV FESTA DA FILLOA DE SADA:

Festa gastronómica popular na que se repartirán arredor de 500 ducias de filloas entre o público asistente. Organizarase baixo carpa, na praza do Paseo Marítimo tras do edificio de “A Terraza”.

Nesta edición a Festa da Filloa de Sada contará coa popular “filloeira de Lestedo”, unha enxeñosa máquina atendida por varias persoas que permite a elaboración dunhas 1200 filloas por hora.

Deste xeito, os asistentes degustarán unhas filloas feitas no mesmo momento, e que contan co respaldo da “Festa da Filloa de Lestedo” declarada “Festa de Interese Turístico de Galicia”.

4.5. MÉRCORES 6 DE MARZO: ENTERRO DA SARDIÑA.

Convidarase ó público en xeral a unirse ó tradicional “ENTERRO DA SARDIÑA”, que partirá da carpa situada detrás do edificio de La Terraza ás 20:00 h. Este evento consistirá nun desfile duns 30 minutos polo Paseo Marítimo, por rúas peonís e algunhas vías do centro urbano, saíndo dende a carpa. Despois de acompañar ao “defunto” polo Paseo Marítimo chegarase a un punto da Praia Nova onde se fará a queima que despedirá festivamente o Entroido.

Organizado coa colaboración de diferentes asociacións culturais sadenses, esta tradicional celebración de peche do Entroido congregará a un grande número de “viúvas-plañeiras” para dar a despedida á nosa “Sardiña” de Entroido.

Na súa homenaxe lanzarase un pequeno espectáculo de pirotecnia e a festa rematará coa animación musical da “Charanga Noroeste”.

PROPOSTA DE PERCORRIDO:

Saída ás 20h. da Carpa do Entroido; Paseo Marítimo ou Av. da Mariña dirección OMIX; Pza. Pescadería; rúa José Monzo; Praciña do Conde; Pza. San Roque; Linares Rivas; rúa Venezuela; rotonda sur; República Arxentina; Rúa da Obra; Rúa da Praia; Final en Praia das Delicias ao lado da saída do río.